



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Dereito da persoa	Código	612G01007	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Privado			
Coordinación	Legeren Molina, Antonio	Correo electrónico	antonio.legeren@udc.es	
Profesorado	Legeren Molina, Antonio	Correo electrónico	antonio.legeren@udc.es	
	Raposo Arceo, Juan Jesus		juan.raposo.arceo@udc.es	
	Rovira Sueiro, Maria Esther		maria.rovira@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A6	Comprensión das distintas manifestacións do dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual.
A7	Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A12	Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).
A13	Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito.
A14	Capacidade de elaboración de normas.
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B6	Aprender a aprender.
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo, amosando capacidade de expresión tanto oral como escrita en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, así como nun idioma estranxeiro.
B13	Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Manexo adecuado das categorías xurídicas propias do Dereito da persoa, o que abranxe o que é a persoa física, a persoa xurídica, os dereitos da personalidade e demais situación xurídicas relevantes, basicamente os distintos estados civís	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A12	B7 B9 B10 B12	C1 C3 C7
O alumno debe adquirir as competencias e as destrezas suficientes para abordar e resolver con éxito calquera cuestión conflictiva referente aos bens da personalidade ou os estados civís da persoa.	A8 A9 A10	B6 B8 B11 B12 B13 B3 B4	
Elaborar e comprender correctamente os documentos e negocios necesarios para constituír unha persoa xurídica (fundacións e asociacións)	A9 A10 A11 A13 A14	B10	C4 C6
Destrezas básicas das novidades do Rexistro Civil rematado o período de "vacatio legis" da Nova Ley do Rexistro Civil	A11	B13	C1 C3 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Lección 1.- O Dereito da Persoa	1.- A posición funcional e institucional da persoa no Ordenamiento xurídico 2.- O deber xeral de respecto á persoa 3.- A Capacidade xurídica: concepto e características 4.- A capacidade de obrar: concepto, caracteres e clases
Lección 2.-A Persoa física e a persoa xurídica	1.-Requisitos esixidos no Ordenamiento xurídico español para a adquisición da personalidade. 2.-A extinción da personalidade da persoa física. 3.- A declaración de falecemento. 4.- A persoa xurídica: Concepto e clases de persoas xurídicas
Lección 3.- O concibido	1.- Situación xurídica do concibido non nacido ante o Dereito civil. 2.- Contido da protección xurídica do concibido no Dereito positivo



Lección 4.- Os bens ou dereitos da personalidade	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Concepto, natureza xurídica e caracteres.</li> <li>2.- A protección dos bens da personalidade</li> </ol>
Lección 5.- Os bens da personalidade na esfera física	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.- A tutela civil da vida e da integridade física.</li> <li>2.- Delimitación do poder interno do seu titular:             <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Autorizacións en orde ao cambio de sexo.</li> <li>b) Cesión e trasplante de órganos.</li> <li>c) Esterilización.</li> </ol> </li> </ol>
Lección 6.- Os bens da personalidade na esfera moral ou espiritual	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.-A tutela civil do honor, da intimidade persoal e familiar e da propia imaxe.</li> <li>2.-A tutela civil do nome da persoa. O cambio de nome e apelidos.</li> <li>3.- O dereito moral de autor: delimitacións, contido, natureza e protección.</li> </ol>
Lección 7.- O estado civil da persoa	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Concepto e caracteres do estado civil no Ordenamento xurídico español.</li> <li>2.- Estados civís admitidos no Dereito español.</li> <li>3.- O título de estado civil.</li> <li>4.- Contido e eficacia do estado civil</li> </ol>
Lección 8.- O Rexistro civil	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Concepto, fundamento e antecedentes históricos. A nova Lei de Rexistro Civil.</li> <li>2.- Organización actual</li> <li>3.- Feitos e actos inscribibles.</li> <li>4.- Valor xurídico dos asentos</li> </ol>
Lección 9.- A idade da persoa	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.-A súa significación xurídica. Cómputo da idade.</li> <li>2.- A maioría de idade.</li> <li>3.- A menor idade e a súa significación xurídica.</li> <li>4.- Determinación do ámbito de poder e capacidade do menor.</li> <li>5.- A responsabilidade civil do menor</li> </ol>
Lección 10.- A emancipación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Concepto e tipos.</li> <li>2.- Efectos da emancipación en xeral: as restricións.</li> <li>3.- O menor de vida independente.</li> </ol>
Lección 11.- Outros supostos de capacidade de obrar restrinxida	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.-A incapacitación: Título de atribución do estado civil de incapacitado.</li> <li>2.- Efectos.</li> <li>3.- Modificación e extinción da incapacitación.</li> <li>4.- A denominada autotutela. Especial consideración da súa regulación na Lei de Dereito Civil de Galicia.</li> <li>5.- A prodigalidade.</li> </ol>
Lección 12.- A nacionalidade	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.- O seu significado e vicisitudes: Adquisición e perda da nacionalidade</li> <li>2.- A vecindade civil: significado xurídico e vicisitudes.</li> </ol>
Lección 13. A ausencia	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Concepto e significado.</li> <li>2.-Natureza xurídica.</li> <li>3.- A defensa provisional dos intereses do desaparecido.</li> <li>4.- A declaración de ausencia: Requisitos, significado e alcance.</li> <li>5.- A representación legal do ausente.</li> <li>6.-A terminación da situación de ausencia legal.</li> <li>7.-A ausencia non declarada na Lei de Dereito Civil de Galicia</li> </ol>

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5	21	0	21
Estudo de casos	A8 A10 A11 A13 A14 B6 B8 B3	7	21	28



Prácticas a través de TIC	A9 A13 B13 C3 C6 C8	7	7	14
Simulación	A1 A3 A6 A7 A12 B10 B11 B12 C1 C7	7	14	21
Proba de ensaio	B7 B9 B3 B4 C4	1	23	24
Atención personalizada		42	0	42

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada coa introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adoita reservarse a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Prácticas a través de TIC	Realización de traballos tutelados en materias relacionadas co contido da asignatura. como pode ser o comentario dun film durante as horas presenciais asignadas á materia, nesta actividade os alumnos poderán consultar en todo momento co profesor e utilizar as TIC
Simulación	Elaboración de documentos de carácter xurídico como por exemplo unha solicitude perante o Rexistro Civil (cambio de nome e apelidos, nacionalidade, cambio de sexo), a creación dunha persoa xurídica, demandas, recursos de apelación, etc no eido de materias propias da asignatura.
Proba de ensaio	Método de avaliación consistente nunha proba escrita (examen).

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	A atención personalizada relativa á metodoloxía prácticas a través de TIC levarase a cabo conforme ao descrito no apartado Metodoloxías;. A atención personalizada xenérica consiste na tradicional tutoría mediante a cal o profesor ponse a disposición dos alumnos nun momento temporal concreto co obxecto de que estes poidan consultar ou solucionar calquera problema de xeito individualizado. Así mesmo virtualmente o alumno poderá poñerse en contacto co profesor en calquera momento e formularlle preguntas ou concertar reunións e tutorías, cando sexan cuestións puntuais poderán ser solventadas online pero sempre estará aberta a posibilidade do seu tratamento convencional e presencial. En relación aos alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, progamarase unha primeira xuntanza para concretar co alumno o cronograma do curso e as especialidades da modalidade na entrega de traballos, prazo, formato etc

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Prácticas a través de TIC	A9 A13 B13 C3 C6 C8	Os traballos realizados polo alumno, logo de concluír as sesións presenciales serán entregados ou expostos na propia aula, segundo as circunstancias e, en todo caso, avaliados polo profesor tendo en conta basicamente a capacidade argumentativa demostrada e sobre todo a orixinalidade (a detección dun traballo plaxiado, en todo ou en parte, con ou sen permiso do titular da obra orixinal suporá automaticamente o suspenso na asignatura).	10
Simulación	A1 A3 A6 A7 A12 B10 B11 B12 C1 C7	Durante as sesións presenciales nos grupos reducidos os alumnos deberán expoñer os seus traballos a través dun portavoz, entregando ademais o orixinal escrito ao profesor. Ambos orixinal e intervención oral serán obxecto de avaliación.	10
Proba de ensaio	B7 B9 B3 B4 C4	Consistirá nunha proba escrita ao rematar o cuatrimestre. A proba poderá consistir nun un exame de desenvolvemento, nun exame tipo test ou nun examen de preguntas cortas. A opción concreta será especificada polo responsable de cada grupo o primeiro día de clase na presentación da materia.	70
Estudo de casos	A8 A10 A11 A13 A14 B6 B8 B3	Os alumnos durante as sesións presenciais intervirán oralmente expoñendo a súa solución aos casos propostos debatendo, no seu caso, co profesor e os seus compañeiros. Os coñecementos, competencias e habilidades demostradas durante esta exposición serán obxecto de avaliación polo profesor.	10

#### Observacións avaliación

As calificacións obtidas durante o cuatrimestre a través dos traballos (prácticas a través de TIC, simulacións, estudo de casos etc ) teránse en conta só cando o alumno asista ás clases con regularidade, o que se traduce nunha asistencia mínima do 70% das clases, os que non cumplan con ese mínimo de presencialidade terán unicamente como cualificación a da proba de ensaio.

A devandita presencialidade non se terá en conta en relación aos alumnos que teñan recoñecido o réxime de estudos a tempo parcial.

No caso de que modelo de exame sexa de preguntas cortas, si non se especifica presumirase que teñen todas o mesmo valor. A cualificación de cero en dúas das preguntas cortas suporá o suspenso automático da asignatura.

No caso de que sexa tipo test especificarase o mínimo de respostas correctas e a posibilidade ou non de que as incorrectas computen negativamente. Asimesmo a non especificación implica que o valor das preguntas é idéntico.

No caso de que o exame sexa de desenvolvemento se publicitará o número de preguntas e o valor de cada unha delas, de non determinarse presumirase que teñen un valor idéntico.

#### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	Tamén é recomendable a utilización dun Código Civil de edición actual
----------------------------	---



<b>Bibliografía complementaria</b>	VVAA (2008). VVAA. : Bienes de la personalidad.. MurciaTERCIER, P. (1984). .: Le nouveaudroit de la personnalité. ZürichROGEL VIDE, C. (1985). Derechosfundamentales y Libertades públicas. BoloniaMALUQUER DE MOTES, C. (1993). Derecho de la persona y negocio jurídico. BarcelonaLÓPEZ JACOÍSTE, J.J (1986). Una aproximación tópica a los derechos de la personalidad», . MadridLETE DEL RIO, J.M (1996). Derecho de la persona. MadridDE CASTRO Y BRAVO. F. (1991). Derecho Civil de España. MadridDE ANGEL YAGÜEZ, R. (1974). La protección de la personalidad en el Derecho privado. MadridCASTAN TOBEÑAS, J. (1952). Los derechos de la personalidad. MadridBERCOVITZ RODRIGUEZ CANO (1976). Derecho de la persona. MadridBUSTOS PUECHE, J.E. (1997). Manual sobre bienes y derechos de la personalidad. Madrid A bibliografía reseñada está a disposición dos alumnos na biblioteca do centro e pode resultar útil de cara a realización de traballos específicos
------------------------------------	--

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

Fundamentos romanísticos da cultura xurídica occidental/612G01001

Dereito Constitucional: Fontes e Dereitos/612G01003

Comunicación oral e escrita/612G01004

Teoría do Dereito/612G01006

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías